

Plan de traballo para a superación da materia pendente

Os alumnos realizarán e presentarán no prazo indicado, un traballo para repasar a materia proposto pola profesora cada trimestre, que poderán recoller de forma gratuíta na conserxería do centro.

Presentaranse ás probas ESCRITAS que terán lugar no curso e que serán indicadas e publicadas por xefatura de estudos.

Os alumnos coñecerán os contidos mínimos e estándares de aprendizaxe a través da programación, que está publicada nesta mesma web.

A. O alumnado aprobará a materia pendente:

1. Cando o alumnado, curse a materia nun curso superior, se o alumno supera a materia da primeira avaliación no curso superior, terá recuperado o curso anterior cunha nota dun 5.

Do mesmo xeito se supera a segunda avaliación dun curso superior. O alumnado ten a posibilidade de presentarse aos exames das tres avaliacións e conseguir unha nota superior a 5, na materia pendente, de xeito voluntario. A superación da materia na avaliación ordinaria, en xuño, dun curso superior, supón a recuperación da materia nun curso inferior, cunha nota dun 5 (no caso de tela suspensa) Os alumnos que non cursen a materia nun curso superior, ou non a superen nun curso superior, teñen a obriga de presentarse aos exames das tres avaliacións.

2. Cando o alumnado supere os exames escritos fixados para tal fin nas tres avaliacións. * Ver criterios de cualificación e ponderación das cualificacións.

Os criterios de cualificación serán:
80% proba da convocatoria.
20% o <i>dossier</i> de traballos.
Se un alumno non entrega o <i>dossier</i> , o 100% da nota corresponderá á proba escrita.

Ponderación das cualificacións trimestrais e finais para todo o alumnado da ESO e 1º Bacharelato (Recollidas na programación anual)

1ª avaliación: 25%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 45%

En convocatoria extraordinaria no mes de setembro, a proba escrita abrangue toda a materia do curso.

Enviade os dossieres á xefa do departamento o entregade os dossieres o mesmo día do exame.